


CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. PROCESO DE ELABORACIÓN DO PLAN LOCAL DE EMPREGO

DATOS XERAIS. CONTEXTO ECONÓMICO E SOCIO-LABORAL

Na procura dunha referencia ampla sobre o contexto macroeconómico e a súa evolución, considerárase en primeiro termo o PIB, xa que é comunmente aceptado como un bo indicador de síntese da marcha xeral dunha economía. Así un PIB en crecemento reflicte unha economía en expansión e, en razón disto, con potencial de xerar emprego, podendo dicirse o mesmo en sentido contrario.


- ✓ E no marco da evidente evolución negativa que deitan os datos, hai que indicar que o mesmo INE está a revisar neste momento os cálculos para os pasados exercicios, pois a contracción do PIB español ten sido máis severa do inicialmente estimado.

Gráfico 1



Fonte: Banco Mundial


Gráfico 2



Fonte: IGE

- ✓ Pero, en canto indicador comparado, a información ofrecida pon en evidencia unha evolución paralela, en termos xerais, entre España e Galicia; evolución que marca unha contracción desde 2008, tras dun forte incremento, e un estíño entre 2012 e 2014.

Gráfico 3




Fonte: Banco Mundial e INE

- ✓ Mais tamén pon en evidencia dúas diverxencias: por unha banda a que existe entre a medida nominal e a real; por outra, a diferenza “per cápita” entre o conxunto de España e Galicia que se incrementou no último bienio.

Sobre este panorama de fondo pode proxectarse outro indicador de síntese: as horas traballadas., un indicio revelador da extensión e intensidade da actividade real que se leva a termo dentro da economía dun territorio dado.


- ✓ E os datos que se ofrecen ao respecto son elocuentes: pode apreciarse un descenso xeral; descenso que no conxunto de España en 2014 estaba por volta de un millón de horas menos respecto das de 2000 -unha caída sen dúbida espectacular-, aínda que entre 2007 e 2011 hai unha inflexión positiva, iniciándose logo novamente o descenso.
- ✓ Os pareceres expertos ao respecto son concluíntes: se ben un leve descenso sostido nun contexto de estabilidade ou aínda expansión podería indicar un aumento de produtividade, este non é en absoluto o caso. O descenso que vén de ilustrarse responde a unha contracción bruta da ocupación combinada coa substitución de contratos a xornada completa por outros a tempo parcial. Ademais pode estar asociada, estao de feito, a un incremento xeral da precariedade no emprego, coas súas secuelas de baixada na calidade deste e da correspondente depresión do nivel xeral de salarios.

Gráfico 4



Fonte: OCDE


Gráfico 5



Fonte: IGE


- ✓ E non debe perderse de vista que a coincidencia desta caída cun incremento ou mesmo mantemento do PIB, como se insinúa nos datos dos últimos exercicios, pode estar indicando unha expansión da actividade fóra de control fiscal e de cotización social: a chamada "economía somerxida".

Gráfico 6



Fonte: INE


Gráfico 7



Fonte: INE


- ✓ Desde logo, xa en termos de consecuencias, unha boa ilustración vén dada pola comparanza no tempo das estruturas salariais. A que vén de ofrecerse para España entre 2008 e 2013 retrata unha contracción do peso dos niveis retributivos intermedios con relación ao SMI, os que se sitúan entre o duplo e seis veces esa referencia: pasan de supor o 52,4% a significar o 49,4%, 3 puntos que se incrementan nas rendas laborais máis baixas.

Gráfico 8



Fonte: INE


Gráfico 9



Fonte: INE


- ✓ Atendendo aos valores salariais e á súa distribución estatística para Galicia, esa evolución sería ata 2013 aínda algo máis matizada. Por iso a observación do impacto social da crise na súa incidencia no mercado laboral debe focalizarse no desemprego.

Gráfico 10



Fonte: INE-EPA

Gráfico 11




Fonte: IGE-EPA (*Os datos para 2015 son unha estimación a partir dos dous primeiros trimestres)

- ✓ A porcentaxe de poboación activa en situación de desemprego tense multiplicado por tres en España desde a situación previa á recesión. A evolución para Galicia resulta similar pero con valores finais algo máis discretos.

- ✓ Un matiz importante, agora ilustrado especificamente para Galicia vén dado pola evidencia de que a crise igualou, ao compás da súa elevación constante e progresiva á alza, as taxas de homes e mulleres. Mais convén non caer nunha interpretación simplificadora disto na medida que, nalgún grao, e por razóns sociolóxicas coñecidas, é maior na poboación feminina a virtualidade de abandonar a actividade en períodos de alto nivel de desemprego.

Gráfico 12




Fonte: OCDE

- ✓ Doutro lado, prestando atención a dous colectivos ben definidos: dunha banda as persoas de menor idade que pretenden incorporarse ao mercado laboral -é España é un dos "líderes" mundiais na taxa correspondente- e as que se ven sistematicamente excluídas del tras perder un emprego -usualmente cunha idade superior aos 45 anos-, estes aparecen, partindo dun panorama xa crítico antes da recesión, como os máis desfavorecidos polas consecuencias directas dela e polas reformas laborais levadas a termo durante o seu transcurso.
- ✓ Por outra parte, un elemento que agrava as consecuencias sociais do panorama que se vén describindo é o descenso sostido en España desde 2010, sucedendo a un incremento precedente, da taxa de cobertura económica con cargo aos mecanismos de

previsión correspondentes das persoas desempregadas. En febreiro deste ano só no 56,1%; un dato que fala en por si.

Gráfico 13



Fonte: Ministerio de Trabajo

Gráfico 14




Fonte: INE

- ✓ Nun escenario tal a taxa de risco de pobreza -porcentaxe dunha poboación que dispón de ingresos por baixo do 60% da mediana do conxunto daquela- evoluciona nunha curva parella á daqueloutra taxa de cobertura, con variacións inter-anuais algo mitigadas

respecto dela, e atinxía o pasado ano a algo máis de 1 de cada 5 persoas en España.

- ✓ Pero máis alá do influxo do desemprego no risco de pobreza, non debe esquecerse a evolución salarial antes sinalada: erosión do nivel de rendas laborais e empeoramento da súa distribución en perspectiva de cohesión social. Os pareceres expertos e evidencias estatísticas das que agora se prescinde apuntan á emerxencia como categoría social das persoas traballadoras pobres; persoas que, aínda tendo un traballo e percibindo un salario, están en situación de pobreza e, así, preto do risco de exclusión social.

Gráfico 15



Fonte: IGE

- ✓ En Galicia esa evolución vén sendo máis discreta e a taxa de risco de pobreza era en 2013 inferior en 3,8 puntos máis baixa. Santiago e a súa área, amosan unha evolución peculiar polo descenso en 2010 –asociado ao Xacobeo, rubricando a estreita relación entre desemprego e risco- e novamente, en termos máis mitigados, en 2013. Con todo, é un indicador relativo en termos que restrinxen o seu valor de comparanza entre poboacións distintas -xa que estas poden ter unha renda mediana diferente-.

Desde as consideracións ofrecidas, a última referida xa a Santiago de Compostela, vaise dar un segundo paso que, dentro das posibilidades das



fontes secundarias, atende ao plano local e á temática específica da mesa.

E nese plano local todos os datos que se van ofrecer teñen como fondo a estrutura e dinámica económica en que se xeran, ao tempo que dan en diferente medida conta dela, unha realidade que ten sido descrita como superposición de varias. Unha realidade que sitúa a Compostela no contexto ata aquí descrito.

Santiago ten de vello a condición de lugar de atracción comercial dunha ampla contorna comarcal e, nun radio aínda máis amplo, de centro de referencia cultural e espiritual cando menos en Galicia, coa proxección neses termos que lle outorgou a súa condición de destino do Camiño. Logo, o desenvolvemento económico do país e a súa posición xeográfica absoluta e relativa -a definida pola accesibilidade efectiva mediante vías de comunicación- foron contribuíndo progresivamente ao despregue dun tecido industrial propio e dunha vocación de centro loxístico. Ao tempo, no último terzo do século pasado, aquel desenvolvemento económico e os cambios sociais que o acompañaron deron lugar a unha expansión da Universidade, no seu propio dispositivo e no da poboación estudante, que repercutiu sobre a vocación orixinal da cidade acentuando en clave moderna a súa condición de centro de servizos.

A implantación e crecemento da Administración Autonómica e dos seus organismos dependentes -CRTVG etc.-, unha segunda ampliación e modernización da USC, a integración comarcal, a partir dunha especialización acelerada dunha funcionalidade residencial ao respecto dun Santiago en expansión económica, dos concellos limítrofes, a mellora progresiva das comunicacións, son feitos relacionados entre si que definiron, ampliaron, e mesmo se alimentaron dela no caso da integración comarcal, a dedicación aos servizos en varias claves: na da actuación dos grandes organismos radicados na localidade; na de atención ás necesidades da poboación dunha cidade moderna e a súa área de influencia de radio metropolitano comarcal, e de atracción comercial alén deste -coa conseguinte evolución da oferta comercial e a implantación de grandes superficies-; na de ofrecer apoio técnico ao tecido empresarial e a aqueles entes, e organismos, e na da acollida e atención do turismo. Porque, en paralelo aos fenómenos tan sumariamente enunciados, en interacción con eles en termos evidentes, a actividade turística tivo nas dúas últimas décadas unha expansión cuantitativa e unha evolución



qualitativa singular ao fío do fenómeno xacobeo na súa versión contemporánea. Un fenómeno que non cómpre analizar aquí nas súas implicacións, consecuencias e virtualidades, pero que rubrica o xeito en que os servizos determinan o tecido económico local.


En todo caso, tal determinación non debe, tendo en conta a finalidade deste documento, agachar nin a realidade nin as potencialidades dos outros sectores de actividade, tamén co seu significado propio, real e potencial; tampouco escurecer outros datos non literalmente económicos da personalidade e dinamismo social de Compostela que supoñen fontes de oportunidades para un desenvolvemento económico sustentable e xerador de cohesión social.

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. PROCESO DE ELABORACIÓN DO PLAN LOCAL DE EMPREGO

DATOS SOBRE O DESEMPREGO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

A aproximación ao estudo do desemprego en Santiago, debe considerar varias características da poboación nesta situación.


Gráfico 1



Fonte: IGE-SEPE

- ✓ Así, desde os comezos de 2013 ao momento presente, dentro dun discreto descenso con modulacións estacionais consabidas, a evolución compositiva dos continxentes de persoas rexistradas como desempregadas mostra varios trazos notables.
- ✓ E se, en primeiro termo, hai un equilibrio xeral compositivo entre homes e mulleres, hai non obstante tamén, nesta perspectiva de valores absolutos, o matiz de que o discreto descenso do paro rexistrado afecta algo máis aos homes que ás mulleres.


Gráfico 2



Fonte: IGE-SEPE


- ✓ En segundo lugar: son os colectivos con estudos secundarios -e non se perda de vista que hoxe marcan o limiar dos obrigatorios- ou superiores os que achegan, con moito, considerando cada categoría, os continxentes máis numerosos, reflectindo en boa medida o perfil da poboación activa local, aínda que logo, nunha visión de conxunto, isto deba matizarse.
- ✓ Ademais, dentro do subconxunto de persoas con maior formación, resulta rechamante a diverxencia por sexo, xa que o volume de mulleres duplica o dos homes.

Gráfico 3



Fonte: IGE-SEPE

Gráfico 4



Fonte: IGE-SEPE


- ✓ Doutro lado, é patente que os datos para o último mes dispoñible insisten nas tendencias xa presentadas: un importante número de persoas con formación superior que están rexistradas como demandantes de emprego; un marcado predominio feminino a partir da posesión de estudos secundarios completos.

Táboa 1

Paro rexistrado, en agosto de 2015, segundo sexo e nivel de estudos			
Niveis de estudos	Homes	Mulleres	Total
Sen estudos	26	45	71
Primarios	732	641	1.373
FP sen titulación	3	1	4
Primeira secundaria	1.170	925	2.095
FP con titulación	1	0	1
Secundarios completos	491	622	1.113
FP con titulación 2º etapa	1	1	2
FP superior	229	342	571
Outras ensinanzas con bacharelato	2	1	3
Universitarios	445	1.112	1.557
Especialización profesional	3	7	10
Universitarios de terceiro ciclo	12	25	37
Sen asignar	53	117	170

Fonte: IGE-SEPE

Gráfico 5




Fonte: IGE-SEPE

- ✓ Noutra orde de cousas, no conxunto das persoas rexistradas como desempregadas o predominio absoluto é das de entre os 25 e 45 anos de idade, cun comparativo escaso peso do colectivo de menos de 25.


- ✓ Naturalmente neste sentido incide a propia estrutura etaria da poboación activa, debendo subliñarse a maior virtualidade no primeiro dos subconxuntos, o máis novo, para substituír a concorrencia no mercado laboral pola realización de estudos, aprazándoa, e delongando así formalmente a inactividade.

Gráfico 6



Fonte: IGE-SEPE

Gráfico 7



Fonte: IGE-SEPE

- ✓ En todo caso, na consideración do ciclo temporal desde comezos de 2014, outro matiz que se manifesta é que o mitigado descenso das cifras afecta relativamente menos ao grupo máis vello; máis persistente entón no desemprego. Ao tempo queda en evidencia que o predominio feminino responde ao que se dá despois dos 25 anos, xa que no continxente máis novo a composición por sexo, como ilustran os datos do último mes dispoñible, é equilibrada.
- ✓ E o corolario que introduce a toma en consideración polo miúdo da relación entre sexo, idade e titulación, malia disporse agora desta cunhas categorías distintas das comentadas ata aquí, é que, con todo, un terzo das persoas demandantes de emprego, caracteristicamente maiores de 45 anos -con maior repercusión no paro masculino por razóns estruturais-, están por baixo do nivel dos estudos secundarios hoxe obrigatorios.

Táboa 2


Paro rexistrado, en agosto de 2015, segundo sexo, grupos de idade e nivel de titulación (abs. e %)							
Titulación	Grupos de idade	Mulleres	Mulleres %	Homes	Homes %	Total	Total %
Ata certificado de escolaridade	Menores de 25	72	1,9%	62	2,0%	134	1,9%
	De 25 a 45	271	7,1%	342	10,8%	613	11,7%
	De 45 e máis anos	612	15,9%	763	24,1%	1.375	19,6%
	Totais ate escolaridade	955	24,9%	1.167	36,8%	2.122	33,3%
ESO	Menores de 25	24	0,6%	40	1,3%	64	0,9%
	De 25 a 45	279	7,3%	396	12,5%	675	9,6%
	De 45 e máis anos	354	9,2%	329	10,4%	683	9,7%
	Totais con ESO	657	17,1%	765	24,1%	1.422	20,3%
FP	Menores de 25	7	0,2%	10	0,3%	17	0,2%
	De 25 a 45	364	9,5%	226	7,1%	590	8,4%
	De 45 e máis anos	164	4,3%	123	3,9%	287	4,1%
	Totais con FP	535	13,9%	359	11,3%	894	12,8%
Bacharelato, BUP, COU	Menores de 25	7	0,2%	10	0,3%	17	0,2%
	De 25 a 45	227	5,9%	152	4,8%	379	5,4%
	De 45 e máis anos	197	5,1%	200	6,3%	397	5,7%
	Totais BUP/Bacharelato/COU	431	11,2%	362	11,4%	793	11,3%
Titulación universitaria	Menores de 25	29	0,8%	8	0,3%	37	0,5%
	De 25 a 45	895	23,3%	395	12,5%	1.290	18,4%
	De 45 e máis anos	330	8,6%	107	3,4%	437	6,2%
	Totais con titulación universitaria	1.254	32,7%	510	16,1%	1.764	25,2%
Outras titulacións	Total con outras titulacións	7	0,2%	5	16,0%	12	16,0%

Fonte: Consellería de Traballo-SEPE

Con datos da mesma fonte última, pero agora para o período de 2009 a 2014, cabe, doutro lado, observar a tipoloxía dos contratos celebrados nel como xeito de aproximarse a unha dimensión da calidade do emprego.

- ✓ E desde ese punto de vista resulta notable o predominio absoluto da contratación temporal, acreditando a evidencia coñecida dunha escasa estabilidade no emprego xerado nese ciclo.

Gráfico 8



Fonte: IGE-SEPE


Táboa 3

Evolución dos contratos celebrados segundo tipo e sexo (%)						
Tipo de contrato	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Contratos indefinidos: homes (sobre o total de contratos indefinidos)	52,27	56,86	61,58	51,30	47,28	49,05
Convertidos a indefinidos: homes (sobre o total de contratos convertidos a indefinidos)	50,30	48,91	48,18	47,18	44,02	47,00
Contratos temporais: homes (sobre o total de contratos temporais)	51,21	49,48	47,69	46,56	47,72	48,45
Contratos indefinidos: mulleres (sobre o total de contratos indefinidos)	47,73	43,14	38,42	48,70	52,72	50,95
Convertidos a indefinidos mulleres (sobre o total de contratos convertidos a indefinidos)	49,70	51,09	51,82	52,82	55,98	53,00
Contratos temporais: mulleres (sobre o total de contratos temporais)	48,79	50,52	52,53	53,44	52,28	51,55

Fonte: IGE-SEPE

- ✓ Os contratos indefinidos presentaban un discreto grao de masculinización en 2009, que se vai acusando ata niveis moi notables en 2011 para logo volverse cara un equilibrio que dá como resultado unha moderada feminización en 2013 e 2014, pero cando son resultado da conversión dun contrato temporal anterior predominan discretamente desde 2010 os asinados por traballadoras, ocorrendo o mesmo cos temporais.
- ✓ Deste xeito, diríase que nesta perspectiva non hai, como balance do período, unha diferenza notoria na dinámica do mercado laboral entre homes e mulleres que si se manifestaba nos anos centrais.

Gráfico 9




Fonte: IGE-SEPE

- ✓ En calquera caso, cunha pausa en 2010 que non marca unha inflexión, un estíño en 2013 e un aumento expresivo o ano pasado pendente de poderse confirmar como marca dun cambio de tendencia, o certo é que o número de novos contratos caeu continuamente desde 2007.
- ✓ Desde logo, en perspectiva sectorial e como algo obvio, a contracción ou expansión obedece no máis principal a das contratacións nos servizos. Non obstante, desde 2011 asoma unha estabilidade na construción e en 2014 xerouse un número de contratos na industria ao nivel de 2007 e 2008.

- ✓ De feito, atendendo a orixe laboral das persoas desempregadas apréciase o claro predominio dos servizos, en que se xerou o desemprego de tres cuartas partes das rexistradas como demandantes en agosto deste ano. O resto practicamente equidistribúese entre a inactividade previa, a construción e a industria.

Gráfico 10



Fonte: IGE-SEPE

- ✓ Desde logo é notable que dez actividades, e todas sen excepción, fóra da industria manufactureira, encadradas nos servizos concentren, segundo datos de xuño deste ano, 43.758 persoas ocupadas: o 74,5% do total do emprego.
- ✓ E, establecendo unha escala descendente, un primeiro nivel ocúpao a atención sanitaria e dos servizos sociais, mentres que o comercio comparte o segundo co a administración pública; cun peso xa inferior ao 10% están, en orde: a educación; a hostalaría; as actividades profesionais, científicas e técnicas; a industria manufactureira; a información e comunicación; as actividades administrativas e servizos auxiliares, e os servizos aos fogares.
- ✓ E, en perspectiva de emprendemento, o certo é que, algúns deses ámbitos de actividade sinalan posibilidades, en coherencia con apreciacións que se farán; e isto na medida que podan estar nunha dinámica de expansión ou especialización.

Táboa 4

Poboación ocupada, en agosto de 2015, nas actividades económicas (CNAE 2009) con maior volume de traballadores/as e peso sobre o emprego local (%)		
Actividade económica	Traballadores/as	Sobre emprego (%)
Industria manufactureira	3.013	5,9
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos	6.921	13,6
Hostalaría	3.865	7,6
Información e comunicación	2.714	5,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	3.730	7,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	2.091	4,1
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	5.919	11,6
Actividades sanitarias e servizos sociais	8.528	16,7
Educación	4.776	9,4
Actividades dos fogares	2.001	3,9

Fonte: Consellería de traballo

- ✓ En continuidade co anterior, o detalle da actividade principal en que se concretan os sectores de dedicación das empresas na súa evolución entre 2009 e 2013 recolle unha contracción do número de empresas industriais de transformación, da construción, o comercio e a hostalaría, así como, acaso máis drasticamente, tendo en conta xa o seu peso estrutural relativo, das de carácter auxiliar como servizos ás empresas. Hai non obstante un mantemento do número de empresas con actividade asistencial e, tratándose sempre de ramos de peso modesto, mesmo un aumento das de mediación financeira, en seguros e inmobiliaria; mesmo sobe o número das de comunicación e información.
- ✓ Con todo, a lectura do ciclo temporal en clave evolutiva leva a concluír que a composición estrutural do tecido empresarial en Santiago máis se consolida nos termos coñecidos que mostra signos de evolución ao nivel que poderían virtualmente darse.

Táboa 5

Evolución do número de empresas segundo actividade principal					
Actividade principal	2009	2010	2011	2012	2013
Industrias extractivas	10	9	8	6	6
Industria manufactureira	451	437	445	420	429
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	33	40	41	38	38
Subministración de auga, saneamento, xestión de residuos e descontaminación	5	6	5	5	6
Construción	1.149	1.130	1.082	1.047	995
Comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos	2.381	2.276	2.267	2.177	2.129
Transporte e almacenamento	474	463	442	431	438
Hostalería	1.080	1.038	1.014	974	963
Información e comunicación	243	232	255	250	257
Actividades financeiras e seguros	151	151	156	163	163
Actividades inmobiliarias	203	226	247	270	299
Actividades profesionais, científicas e técnicas	1.717	1.669	1.667	1.600	1.581
Actividades administrativas e servizos auxiliares	567	510	473	456	375
Educación	315	324	302	328	358
Actividades sanitarias e de servizos sociais	595	551	549	584	589
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	357	340	311	274	282
Outros servizos	480	491	573	555	527

Fonte: IGE

Táboa 6


Evolución do número de empresas segundo volume de emprego					
Volume de emprego	2008	2009	2010	2011	2012
De 0 a 2	8.187	8.323	8.019	8.017	7.843
De 3 a 5	919	926	930	880	851
De 6 a 9	420	407	398	395	376
De 10 a 19	290	287	274	272	268
De 20 a 49	182	168	168	177	150
De 50 a 99	54	62	64	56	49
De 100 a 249	33	28	31	30	30
De 250 e máis	9	10	9	10	11

Fonte: IGE

- ✓ Porque, doutro lado, os datos mostran que a empresa media en Santiago é pequena, menos de dez persoas empregadas; caracteristicamente menos de tres. Asemade, o dato sabido de que o impacto da crise foi inversamente proporcional, en canto descenso do número de empresas, ao tamaño destas.

Mais, noutra orde de cousas, a consideración do tecido empresarial desde o punto de vista dos datos secundarios dispoñibles de fontes estatísticas públicas, en orde a reflexionar sobre o papel dos recursos socio-laborais, ten de considerar necesariamente a cuestión do auto-emplego.

Gráfico 7



Fonte: IGE-SEPE(*Fanse constar só os datos numéricos do total e das tres categorías maiores: Réxime Xeral, de Traballo Autónomo e do Fogar)

- ✓ Fixándose en primeira instancia no volume da afiliación á Seguridade Social, esta acredita a importancia do Réxime Xeral, que en 2014 recollía 8,5 de cada 10 casos. Así, para alén dunha evolución que reflicte a da repercusión no emprego do ciclo de crise abondo comentada, co seu valor máis baixo no pasado ano, tamén é notable a tendencia, pero moi moderada, contradicindo certos tópicos, ao incremento do emprego autónomo, tamén con flutuacións á baixa entre 2009 e 2012.
- ✓ Con todo, na dimensión da súa magnitude, os datos de evolución da ocupación por ramos de actividade no quinquenio de 2010 a 2014 falan en tres niveis:

- Dunha banda, dunha notable concentración no comercio, a hostalaría, as actividades científicas e técnicas -a suma destas tres primeiras supón a metade cumprida deste colectivo- e a construción.

Táboa 9

Evolución da poboación ocupada no réxime de traballo autónomo nas actividades económicas (CNAE 2009) con maior volume de traballadores/as dese réxime					
Actividade económica	2010	2011	2012	2013	2014
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	316	299	281	272	265
Industria manufactureira	367	357	363	361	365
Construción	716	683	644	632	653
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos	1.919	1.889	1.840	1.826	1.846
Transporte e almacenamento	371	358	363	368	375
Hostalaría	983	950	955	945	961
Actividades profesionais, científicas e técnicas	697	724	719	743	798
Actividades administrativas e servizos auxiliares	263	272	282	284	297
Educación	209	212	228	243	275
Actividades sanitarias e servizos sociais	296	318	345	364	372
Outros servizos	500	478	472	464	455

Fonte: Consellería de Traballo

- Doutra confirman na súa evolución unha capacidade comparativa de maior resistencia ao ciclo da crise.
 - En terceiro lugar, cos datos de incremento nas actividades científicas e técnicas, administrativas e de servizos auxiliares -debendo insistirse no seu potencial de soporte ao tecido empresarial-, de educación e prestación de servizos sanitarios e sociais, apuntan ámbitos a considerar nas estratexias de apoio ao auto-emprego
- ✓ Ademais, malia renunciarse á súa presentación por razóns de rigor formal na comparanza, ao estar os dispoñibles referidos a outra medida temporal -só un mes-, os datos para este ano confirman a estabilidade dos valores de 2014 e, por extensión a pertinencia das observacións que veñen de apuntarse.

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. PROCESO DE ELABORACIÓN DO PLAN LOCAL DE EMPREGO

DATOS SOBRE DESIGUALDADE XÉNERO NO EMPREGO

A aproximación en perspectiva de xénero ao estudo do mercado de traballo en Santiago, querendo ser sintética como ilustración e tirarse dos datos estatísticos directamente dispoñibles, centrarase na cuestión do desemprego e das diferenzas da súa incidencia entre os continxentes de homes e mulleres con actividade económica.

E xustamente desde ese punto de vista, nunha realidade singular como é a de Compostela, convén fixar dúas premisas validas en sentido amplo, temporal e estrutural, que ben pode encadrar as evidencias que van subliñarse desde informacións centradas na situación actual e nos seus antecedentes inmediatos.

De vello Galicia, pola súa estrutura económica, presentou un peso comparativamente alto da actividade e a ocupación femininas. Nese marco, en termos bastante evidentes, tendo en conta así mesmo as singularidades no plano estrutural de Santiago que xa se esbozaron, aquelas actividade e ocupación, en canto extensión e tendencias de dedicación profesional e sectorial, fóronse conformando de xeito acorde, e ben coñecido, coas pautas comúns das contornas máis urbanizadas e desenvoltas do país, modificando cualitativa e cuantitativamente o seu aludido perfil tradicional.

Pero mesmo nese sentido cabería falar dunha acentuación desas tendencias en razón, de acordo con aquelas singularidades, dos relativamente elevados niveis de presenza das mulleres nas Administracións Públicas, na sanidade e na docencia –dependan ou non das primeiras-, por citar acaso os exemplos máis sobranceiros, xa que eses son campos dun significado singular no emprego local.

E na medida que este emprego feminino devandito, falando sempre en xeral, sería de maior calidade media que o dos servizos en xeral, o comercio ou a hostalaría, por citar outros ramos moi importantes da economía compostelá, unha expresión concreta da dualidade do mercado laboral sería a súa manifestación na poboación activa feminina no ámbito municipal. E o anterior vai repercutir en como o ciclo da crise se manifesta dentro desa poboación e con relación á masculina.

Desde logo tamén, nomeadamente nese ciclo e como elemento de dualidade, e esta é a segunda premisa, en Compostela opera igualmente a tendencia á substitución do desemprego pola inactividade económica que, por razóns coñecidas de índole cultural, é unha nota característica da poboación feminina e, en determinadas circunstancias, da máis nova tomada en conxunto.

Pois ben, nestas coordenadas o conxunto de datos que agora se comentan, xa se dixó que con relación ao paro, en particular observando o rexistrado, deitan unha serie de evidencias:

- ✓ Segundo as últimas cifras dispoñibles, en agosto de 2015 había en Santiago de Compostela 7.007 demandantes de emprego; 3.839 mulleres, o 54,8%, e 3.168 homes, o 45,2% restante.
- ✓ Unha observación retrospectiva da evolución dos datos que desembocan nesa distribución en dous pasos sucesivos deita dúas evidencias complementarias:
 - Antes do comezo da crise o volume do paro feminino rexistrado en Santiago estaba moi por riba do masculino; logo, o incremento sostido que se culmina en 2013 é fundamentalmente froito do incremento dos continxentes de homes, pois os de mulleres medran pero, partindo dunha peor situación inicial, fano en menor medida, chegándose practicamente a un equilibrio en 2012 e 2013. De xeito revelador o descenso sensible do paro en 2014, que afecta case en paralelo aos dous continxentes, acompáñase de indicios de que o desnivel da diferenza vai volver abrirse.

Gráfico 1





Gráfico 2



- Volvendo ao comezo de 2013 e nunha observación en detalle ata xullo de 2015, non modifica esa impresión: dentro da discreta tendencia á redución do contingente de persoas desempregadas, esta é maior en tratándose de homes, pero en termos dun matiz que se acentúa paseniñamente e non da distancia anterior a 2012.

- ✓ Atendendo a outros trazos de composición interna dos continxentes de paradas e parados, a idade, retrotraéndose ata 2006, achega tamén elementos de contraste:
 - Así, en valores absolutos e fixándose na evolución daqueles en canto definidos polo sexo e tres grandes grupos de idade, hai, con algunha modulación menor, unha lóxica reprodución das curvas que xa se comentaron para o período, pero esa reprodución correspóndese cos subconxuntos maioritarios, os formados polas persoas maiores de 25 de ambos os dous sexos, e sempre, naturalmente con aquel maior peso numérico das mulleres.
 - Porque o paro xuvenil é ben máis minoritario e flutuante, aínda que ten un comportamento en certa forma converxente co xeral na medida que a un predominio feminino ata 2008 sucede o masculino, tendo en conta que se trata sempre de valores brutos modestos.

Táboa 1

Evolución do paro rexistrado segundo sexo e grupos de idade									
Continxentes	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Homes menores de 25	273	233	247	348	337	312	321	273	220
Homes de 25 a 45	1.207	1.034	1.215	1.710	1.893	2.069	2.386	2.372	2.006
Homes de 45 ou máis anos	792	756	835	1.043	1.138	1.343	1.687	1.889	1.759
Mulleres menores de 25	388	330	286	317	332	309	296	220	196
Mulleres de 25 a 44	2.307	1.991	1.935	2.240	2.449	2.606	2.807	2.699	2.390
Mulleres de 45 ou máis anos	1.193	1.231	1.270	1.342	1.409	1.533	1.650	1.768	1.754

Fonte: IGE-SEPE

- Naturalmente neste sentido incide a propia estrutura etaria da poboación activa, debendo ademais subliñarse aquela maior virtualidade nese grupo máis novo para substituír a concorrencia no mercado laboral pola realización de estudos, aprazándoa e delongando así formalmente a inactividade.
- Con maior detalle, aínda que en termos sempre resumidos, o balance do período, comentada xa a comparanza xeral entre mulleres e homes, é o do un avellentamento do colectivo que demanda emprego, que se acentúa nos dous últimos anos, sen que se altere, nin no total nin entre ningún dos dous

subconxuntos, a maioría absoluta das persas entre os 25 e os 45 anos.

Táboa 2

Evolución do paro rexistrado segundo sexo, grupos de idade e sexo e grupos de idade (%)									
Continxentes	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Homes	36,87	36,28	39,68	44,29	44,55	45,57	48,04	49,17	47,87
Mulleres	63,13	63,72	60,32	55,71	55,45	54,43	51,96	50,83	52,13
Menores de 25	10,74	10,10	9,22	9,49	8,85	7,59	6,74	5,35	4,99
De 25 a 44	57,04	54,25	54,42	56,43	57,44	57,20	56,78	54,98	52,81
De 45 ou máis anos	32,22	35,64	36,36	34,08	33,71	35,20	36,48	39,66	42,20
Homes menores de 25	12,03	11,53	10,76	11,21	10,00	8,38	7,30	6,03	5,52
Homes de 25 a 45	53,11	51,10	52,90	55,16	56,20	55,55	54,31	52,31	50,34
Homes de 45 ou máis anos	34,86	37,37	36,34	33,64	33,80	36,07	38,39	41,66	44,14
Mulleres menores de 25	9,99	9,29	8,20	8,13	7,93	6,94	6,22	4,70	4,51
Mulleres de 25 a 44	59,34	56,05	55,42	57,45	58,44	58,59	59,06	57,57	55,08
Mulleres de 45 ou máis anos	30,68	34,66	36,38	34,43	33,63	34,47	34,72	37,73	40,41

Fonte: IGE-SEPE

- ✓ Pechando máis o foco, e considerando a evolución desde xaneiro de 2014 a xullo de 2015, prescindindo de fluctuacións estacionais de orde menor, aquela reflicte un descenso do desemprego que é resultado ao cabo do que se dá nesa cohorte intermedia e maioritaria, e na máis moza, mentres que os valores para as persoas de maior idade, apuntando tamén unha tendencia descendente, son, non obstante, máis constantes en si propios.
- ✓ Entón, ao fixarse no resultado de toda a evolución considerada na altura do mes de agosto de 2015 e retomando a diferenza entre homes e mulleres, resulta que aquel predominio do estrato intermedio de idade é un trazo que a poboación feminina en demanda de emprego achega ao conxunto da que esta procurando ocupación en Santiago.

Gráfico 3





Gráfico 4




- ✓ En resumo: neste momento o desemprego feminino é de maior volume có masculino -a expensas de que esa diferenza se ensanche máis ou de que, o que é máis improbable, se establece ou reduza ao fío dunha virtual recuperación paulatina do dinamismo económico- e nel predomina relativamente o estrato etario intermedio, marcando

con ese trazo a estrutura da poboación parada de Compostela no seu conxunto.

- ✓ A persistencia do desemprego no estrato de máis idade e un peso reducido do paro xuvenil rexistrado, de certo oculto en parte na inactividade, como ten de ocorrer cunha parte do das mulleres, perfilan esa caracterización sumaria.
- ✓ Dando un segundo paso e volvendo falar da poboación demandante de ocupación en conxunto, agora na perspectiva da formación académica e da súa evolución nos dous últimos anos, son os colectivos con estudos secundarios -e non se perda de vista que hoxe marcan o limiar dos obrigatorios- ou superiores os que achegan, con moito, considerando cada categoría, os continxentes máis numerosos, reflectindo en boa medida o perfil da poboación activa local, aínda que logo, nunha visión de conxunto, isto deba matizarse.

Gráfico 5




Fonte: IGE-SEPE

- ✓ Pero é notable, e debe destacarse, dentro do subconxunto de persoas con maior formación, a moi rechamante diverxencia por sexo, xa que o volume de mulleres duplica o dos homes.
- ✓ Doutro lado, é patente que os datos para o último mes dispoñible insisten nas tendencias xa presentadas: un importante número de

persoas con formación superior que están rexistradas como demandantes de emprego; un marcado predominio feminino a partir da posesión de estudos secundarios completos.


- ✓ Así, esta diferenza constitúe un segundo trazo definitorio colectivo ao respecto dos varóns das compestelás que demandan emprego.

Gráfico 6



Fonte: IGE-SEPE

Gráfico 7




Fonte: IGE-SEPE

Táboa 3

Paro rexistrado, en agosto de 2015, segundo sexo e nivel de estudos			
Niveis de estudos	Homes	Mulleres	Total
Sen estudos	26	45	71
Primarios	732	641	1.373
FP sen titulación	3	1	4
Primeira secundaria	1.170	925	2.095
FP con titulación	1	0	1
Secundarios completos	491	622	1.113
FP con titulación 2º etapa	1	1	2
FP superior	229	342	571
Outras ensinanzas con bacharelato	2	1	3
Universitarios	445	1.112	1.557
Especialización profesional	3	7	10
Universitarios de terceiro ciclo	12	25	37
Sen asignar	53	117	170

Fonte: IGE-SEPE

Gráfico 8



Fonte: IGE-SEPE

✓ E o corolario que introduce a toma en consideración polo miúdo da relación entre sexo, idade e titulación, malia disporse agora desta cunhas categorías distintas das comentadas ata aquí, é que:

- Un terzo das persoas demandantes de emprego, caracteristicamente maiores de 45 anos -con maior

repercusión no paro masculino por razóns estruturais-, están por baixo do nivel dos estudos secundarios hoxe obrigatorios.

Táboa 4

Paro rexistrado, en agosto de 2015, segundo sexo, grupos de idade e nivel de titulación (abs. e %)							
Titulación	Grupos de idade	Mulleres	Mulleres %	Homes	Homes %	Total	Total %
Ata certificado de escolaridade	Menores de 25	72	1,9%	62	2,0%	134	1,9%
	De 25 a 45	271	7,1%	342	10,8%	613	11,7%
	De 45 e máis anos	612	15,9%	763	24,1%	1.375	19,6%
	Totais ate escolaridade	955	24,9%	1.167	36,8%	2.122	33,3%
ESO	Menores de 25	24	0,6%	40	1,3%	64	0,9%
	De 25 a 45	279	7,3%	396	12,5%	675	9,6%
	De 45 e máis anos	354	9,2%	329	10,4%	683	9,7%
	Totais con ESO	657	17,1%	765	24,1%	1.422	20,3%
FP	Menores de 25	7	0,2%	10	0,3%	17	0,2%
	De 25 a 45	364	9,5%	226	7,1%	590	8,4%
	De 45 e máis anos	164	4,3%	123	3,9%	287	4,1%
	Totais con FP	535	13,9%	359	11,3%	894	12,8%
Bacharelato, BUP, COU	Menores de 25	7	0,2%	10	0,3%	17	0,2%
	De 25 a 45	227	5,9%	152	4,8%	379	5,4%
	De 45 e máis anos	197	5,1%	200	6,3%	397	5,7%
	Totais BUP/Bacharelato/COU	431	11,2%	362	11,4%	793	11,3%
Titulación universitaria	Menores de 25	29	0,8%	8	0,3%	37	0,5%
	De 25 a 45	895	23,3%	395	12,5%	1.290	18,4%
	De 45 e máis anos	330	8,6%	107	3,4%	437	6,2%
	Totais con titulación universitaria	1.254	32,7%	510	16,1%	1.764	25,2%
Outras titulacións	Total con outras titulacións	7	0,2%	5	16,0%	12	16,0%

Fonte: Consellería de Traballo-SEPE

- De feito un 36,8% dos parados non superou o nivel do certificado de escolaridade, algo que se manifesta só nunha cuarta parte das paradas. No polo oposto, un 32,7% de universitarias inscritas demandando ocupación dobra a proporción masculina correspondente.
- Sexa como for, non debe perderse de vista, como un dato que incide neste sentido, aquela maior mocidade compositiva, estribada no peso do estrato intermedio de idade, da poboación de mulleres á procura de emprego.

Pero máis alá do desemprego, no que se vén centrando esta exposición, hai algúns datos relevantes da mesma fonte sobre consecución de ocupación por conta allea de indubidable interese.


- ✓ Como dato de encadre, falando en conxunto e prescindindo de ilustralo, dirase que, cunha pausa en 2010 que non marca unha inflexión, un estiño en 2013 e un aumento expresivo o ano pasado pendente de poderse confirmar como marca dun cambio de tendencia, o certo é que o número de novos contratos caeu continuamente en Compostela desde 2007.
- ✓ Nese marco, e dentro dunha distribución equilibrada, desde 2009 un moi discreto predominio masculino foi substituído por outro feminino, igualmente discreto, a partir de 2010.

Táboa 5

Evolución dos contratos celebrados segundo sexo (%)									
Sexo	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Homes	51,68	50,24	49,71	51,23	49,73	48,21	46,80	47,59	48,44
Mulleres	48,32	49,76	50,29	48,77	50,27	51,79	53,20	52,41	51,56

Fonte: IGE-SEPE

Gráfico 9




Fonte: SEPE

- ✓ Non obstante, ao delongar a visión ata xullo de 2015 observando os datos brutos trimestrais, ocorre que as fluctuacións estacionais

deitan impresión dun saldo de estabilidade e que aquel leve predominio feminino se mantén independentemente desas fluctuacións xerais.

- ✓ Pero non se perda de vista que un maior nivel de desemprego que coexiste con un igualmente maior volume de contratación evidencia que o colectivo laboral de que se trate presenta unha maior incidencia da temporalidade na súa vida laboral. Isto é o que ocorre inequivocamente coa poboación activa feminina de Santiago, conformando un outro dos seus trazos definitorios en comparación coa masculina.
- ✓ En todo caso, para perfilar esa evidencia e seguindo con datos da mesma fonte última, pero agora para o período de 2009 a 2014, cabe observar a tipoloxía dos contratos celebrados nel como xeito de aproximarse a unha valoración nesa liña da calidade do emprego.
- ✓ E desde ese punto de vista resulta notable o predominio absoluto da contratación temporal, acreditando a evidencia coñecida dunha escasa estabilidade no emprego xerado nese ciclo.

Gráfico 10



Fonte: IGE-SEPE

- ✓ Desagregando máis a tipoloxía contractual acontece que os contratos indefinidos presentaban un discreto grao de masculinización en 2009, que se vai acusando ata niveis moi

notables en 2011 para logo volverse cara un equilibrio que dá como resultado unha moderada feminización en 2013 e 2014 -neste ano apenas formal-, pero cando son resultado da conversión dun contrato temporal anterior predominan discretamente desde 2010 os asinados por traballadoras, ocorrendo o mesmo cos temporais.

Táboa 6

Evolución dos contratos celebrados segundo tipo e sexo (%)						
Tipo de contrato/Sexo	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Indefinidos: homes	52,27	56,86	61,58	51,30	47,28	49,05
Indefinidos: mulleres	47,73	43,14	38,42	48,70	52,72	50,95
Convertidos a indefinidos: homes	50,30	48,91	48,18	47,18	44,02	47,00
Convertidos a indefinidos mulleres	49,70	51,09	51,82	52,82	55,98	53,00
Temporais: homes	51,21	49,48	47,69	46,56	47,72	48,45
Temporais: mulleres	48,79	50,52	52,53	53,44	52,28	51,55

Fonte: IGE-SEPE


- ✓ Deste xeito, diríase que nesta perspectiva non hai, como balance do período, unha diferenza notoria na dinámica do mercado laboral entre homes e mulleres que si se manifestaba nos anos centrais. Igualmente, o afirmado ao fío da consideración conxunta do paro e a contratación, que estes últimos datos pareceran matizar, non queda desmentido: o equilibrio interno na distribución dos contratos non empece da pertinencia do afirmado verbo da consideración da poboación activa feminina en comparanza coa masculina.

Unha última serie de datos pecha esta aproximación cuantitativa, limitada pero reveladora, fixándose, obviamente xa dentro do ámbito da ocupación, na cuestión do traballo a tempo parcial no conxunto de Galicia.

- ✓ De certo a importancia cuantitativa da ocupación en xornada a tempo parcial acentuouse desde 2009 a 2015, cun incremento continuo e de intensidade sostida, que se ilustra para Galicia segundo os seus motivos, que chega imparabile, polo menos, ata o segundo trimestre deste ano.
- ✓ Parecera, pois, que a progresiva carta de natureza que vai cobrando o emprego a tempo parcial anuncie que se vai converter axiña noutro elemento consubstancial ao mercado laboral.
- ✓ E, non obstante, na composición por motivos o que é determinante e crucial nese aumento, o único que verdadeiramente se amplía no

volumen de persoas ocupadas ás que afecta, é a imposibilidade de traballar a xornada completa.


Gráfico 11



Fonte: IGE-EPA (*Ofrécense só os datos numéricos para o motivo principal)

- ✓ En relación a iso, e facendo abstracción de consideracións en varias perspectivas, a de xénero por exemplo, nas que cabe situar a lóxica das outras causas para traballar con esa dedicación temporal, hai que subliñar que en calquera caso as xornadas a tempo parcial implican menores salarios e representan un dos principais factores da emerxencia daquel colectivo que se mencionou páxinas atrás das persoas traballadoras pobres.
- ✓ Porén, e agora si nunha lectura en clave de xénero, o tópico, non por iso inexacto, de que as xornadas a tempo parcial como estratexia para compatibilizalas con outras obrigas persoais ou co coidado das persoas dependentes son características das traballadoras e non dos traballadores ten unha ilustración cabal nos datos dese período.
- ✓ En termos de tendencia de conxunto o certo é que o volume de persoas que alega esa causa descende. Porén trátase dun segmento da poboación ocupada, cun predominio compositivo de mulleres en tal medida, que o volume de homes nel vén sendo anecdótico.

Gráfico 12



Fonte: INE-EPA

Existen outras manifestacións da desigualdade de xénero no emprego para as acales non contamos con datos desagregados a nivel local, pero que presentamos con datos referidos ao conxunto de Galicia ou ao nivel provincial.

Táboa 7

Fenda salarial en Galicia e A Coruña. 2010.	
Galicia	13,5
A Coruña	13,3

Fonte: Enquisa de estrutura salarial. INE

A fenda salarial representa a diferenza entre a ganancia media por hora dos homes e a ganancia media por hora das mulleres como porcentaxe da ganancia media por hora dos homes. Calcúlase só para aquelas empresas de 10 ou máis persoas asalariadas incluídas nalgunha das seccións B a S (excluída a O) da CNAE 2009. Para o cálculo da fenda, na ganancia media por hora non se teñen en conta os pagos extraordinarios.

Táboa 8

Salario medio anual segundo xénero en España, Galicia e A Coruña. 2010.			
	Homes	Mulleres	Total
España	25.479,7	19.735,2	22.790,2
Galicia	22.626,2	17.691,1	20.242,0
A Coruña	23.679,9	18.560,2	21.127,1

Fonte: Enquisa de estrutura salarial. INE

Táboa 9

Salario medio anual segundo xénero en Galicia. 2013.			
	Homes	Mulleres	Diferenza
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	13.962	9.641	-4.321
Industria extractiva, enerxía e auga	26.131	20.341	-5.790
Industria	21.880	15.154	-6.726
Construción e actividades inmobiliarias	16.036	15.510	-526
Comercio, reparacións e transporte	18.465	13.117	-5.348
Información e comunicacións	23.894	17.782	-6.112
Entidades financeiras e aseguradoras	32.476	23.467	-9.009
Servizos ás empresas	17.331	11.550	-5.781
Servizos sociais	25.552	21.116	-4.436
Outros servizos persoais e de ocio	9.729	7.391	-2.338
Total sectores	19.820	15.383	-4.437

Fonte: AEAT. IGE

Táboa 10

Salario medio anual segundo xénero en Galicia. 2013.					
	Número			Porcentaxe	
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	27,2	21,9	49,1	2,7%	2,2%
Pesca e acuicultura	13,7	3,3	17,0	1,4%	0,3%
Industria	110,0	44,0	154,0	11,0%	4,4%
Construción	62,7	4,4	67,1	6,3%	0,4%
Servizos	310,7	400,0	710,7	31,1%	40,1%
Total	524,3	473,7	998,0	52,5%	47,5%

Fonte: Enquisa de poboación activa. IGE.

Táboa 11

Contía das prestacións por desemprego segundo xénero. Galicia e A Coruña. 2013.		
	Galicia	A Coruña
Homes	4.281,0	4.410,0
Mulleres	3.427,0	3.448,0
Total	3.897,0	3.979,0

Fonte: AEAT. IGE

Táboa 12

Número e importe medio das pensións contributivas segundo clase e xénero. Galicia. 2014.				
	Número		Importe medio	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Xeral	200.449	182.878	1.049,07	682,35
Autónomos	97.694	176.885	624,82	489,00
Mar	32.881	22.134	1.049,11	564,12
Minería carbón	951	643	1.587,71	723,20
Accidentes de traballo	10.495	7.662	923,35	704,90
Enfermidades profesionais	1.620	1.195	1.166,18	752,49
SOVI	4.092	11.232	386,15	381,88
Total	348.182	402.629	920,47	583,22

Fonte: INSS.

Táboa 13

Poboación activa, ocupada, parada e inactiva en Galicia segundo xénero. Número en miles. 2014.				
	Poboación activa	Poboación ocupada	Poboación parada	Poboación inactiva
Homes	668,9	524,3	144,6	465,3
Mulleres	605,0	473,7	131,2	629,5
Totais	1.273,9	998,0	275,8	1.094,7

Fonte: Enquisa de poboación activa. IGE.

Táboa 14

Poboación ocupada por tipo de xornada segundo xénero en Galicia. Número e porcentaxe. 2014.					
	Número en miles			Porcentaxe	
	Completa	Parcial	Total	Completa	Parcial
Homes	489,1	35,2	524,3	93,3%	6,7%
Mulleres	366,7	107,0	473,7	77,4%	22,6%
Total	855,8	142,2	998,0	85,8%	14,2%

Fonte: Enquisa de poboación activa. IGE.

Táboa 15

Poboación ocupada por motivo de xornada parcial en Galicia. Número e porcentaxe. 2014.				
	Número en miles		Porcentaxe	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Seguir cursos de ensinanza ou formación	3,3	2,6	9,4%	2,4%
Enfermidade ou incapacidade propia	0,7	1,0	2,0%	0,9%
Coidado de infancia ou de persoas adultas enfermas, discapacitadas ou maiores	0,4	10,9	1,1%	10,2%
Outras obrigacións familiares ou persoais	0,7	6,4	2,0%	6,0%
Non poder atopar un traballo de xornada completa	23,8	70,2	67,6%	65,6%
Non querer un traballo de xornada completa	1,8	9,6	5,1%	9,0%
Outras razóns	4,3	6,2	12,2%	5,8%
Non sabe o motivo	0,1	0,2	0,3%	0,2%
Total	35,2	107,0	100,0%	100,0%

Fonte: Enquisa de poboación activa. IGE.

Táboa 16

Poboación ocupada segundo gran grupo de ocupación (CNO-2011) e xénero en Galicia. Número e porcentaxe. 2014.				
	Número en miles		Porcentaxe	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Ocupacións militares	6,2	0,2	1,2%	0,0%
Directores e xerentes	24,4	11,9	4,7%	2,5%
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	71,4	97,7	13,6%	20,6%
Técnicos; profesionais de apoio	58,5	34,7	11,2%	7,3%
Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina	26,3	56,0	5,0%	11,8%
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	79,0	150,6	15,1%	31,8%
Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro	32,3	22,4	6,2%	4,7%
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción	121,6	15,2	23,2%	3,2%
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	67,3	15,0	12,8%	3,2%
Ocupacións elementais	37,4	70,1	7,1%	14,8%
Total	524,3	473,7	100,0%	100,0%

Fonte: Enquisa de poboación activa. IGE.

Táboa 17

Contía das prestacións por desemprego segundo xénero. Galicia e A Coruña. 2013.							
	2013	2012	2011	2010	2009	2008	2007
Presidencia Executiva	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	2,8%	3,4%	3,6%
Vicepresidencia Executiva	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Conselleiro/a Delegado/a	6,5%	9,1%	5,9%	4,8%	0,0%	0,0%	0,0%
Secretaría Xeral/Secretaría Técnica	16,7%	10,3%	7,1%	0,0%	8,7%	10,0%	4,5%
Membros da alta dirección	9,9%	8,9%	7,9%	7,8%	7,1%	6,3%	4,7%
Total persoas na alta dirección	9,4%	8,3%	7,2%	6,7%	6,6%	5,8%	4,3%

Fonte: Instituto da Muller.

Táboa 18

Poboación inactiva por motivo de non busca de emprego segundo xénero en Galicia. Número en miles e porcentaxe. 2014.				
	Número en miles		Porcentaxe	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Cree que non o vai atopar	13,1	22,5	2,8%	3,6%
Está afectado por unha regulación de emprego	0,7	0,4	0,2%	0,1%
Por enfermidade ou incapacidade propia	67,2	57,1	14,4%	9,1%
Coidado de infancia ou de persoas adultas enfermas, discapacitadas ou maiores	2,7	32,2	0,6%	5,1%
Ten outras responsabilidades familiares ou persoais	7,6	66,6	1,6%	10,6%
Está cursando estudos ou recibindo formación	69,5	69,0	14,9%	11,0%
Está xubilado	161,1	99,2	34,6%	15,8%
Outras razóns	11,9	72,4	2,6%	11,5%
Non sabe	0,5	0,6	0,1%	0,1%
Non aplicable	130,8	209,6	28,1%	33,3%
Total	465,3	629,5	100,0%	100,0%

Fonte: Enquisa de poboación activa. IGE.

Táboa 19

Tempo medio dedicado por homes e mulleres a actividades do fogar en Galicia. 2010. En horas e minutos		
	Homes	Mulleres
Actividades para o fogar e a familia non especificadas	1:34	1:27
Actividades culinarias	0:54	1:44
Mantemento do fogar	0:54	1:14
Confección e coidado de roupa	0:46	1:12
Xardinería e coidado de animais	2:02	1:38
Construción e reparacións	1:50	0:34
Compras e servizos	0:58	0:57
Xestións do fogar	1:31	1:02
Coidado de nenos	1:44	2:17
Axudas a adultos membros do fogar	1:39	1:35
Tempo total	2:40	4:31

Fonte: Enquisa do emprego do tempo. INE.

Táboa 20

Permisos de maternidade e paternidade en Galicia e diferenza entre homes e mulleres. Período 2007-2014.								
	2014	2013	2012	2011	2010	2009	2008	2007
Permisos maternidade	14.279	14.883	15.193	16.464	16.685	16.716	17.113	15.403
Permisos paternidade	11.156	11.360	11.656	12.661	12.568	12.788	12.099	7.478
Diferenza	3.123	3.523	3.537	3.803	4.117	3.928	5.014	7.925

Fonte: Instituto Nacional da Seguridade Social

Táboa 21

Excedencias para coidado de fillos e fillas en Galicia segundo xénero. Período 2007-2014.								
	2014	2013	2012	2011	2010	2009	2008	2007
Nais	515	506	505	520	482	503	447	457
Pais	41	31	31	35	29	39	30	40
Porcentaxe nais	92,6%	94,2%	94,2%	93,7%	94,3%	92,8%	93,7%	92,0%

Fonte: Instituto Nacional da Seguridade Social

Táboa 22

Excedencias para coidado familiar en Galicia segundo xénero e porcentaxe de mulleres sobre total de excedencias. Período 2007-2014.								
	2014	2013	2012	2011	2010	2009	2008	2007
Mulleres	115	105	100	117	96	101	106	70
Homes	28	23	21	23	26	31	31	32
Porcentaxe mulleres	80,4%	82,0%	82,6%	83,6%	78,7%	76,5%	77,4%	68,6%


Fonte: Instituto Nacional da Seguridade Social

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. PROCESO DE ELABORACIÓN DO PLAN LOCAL DE EMPREGO

DATOS SOBRE O TECIDO EMPRESARIAL EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

O estudo do tecido empresarial en Santiago debe considerar como primeiro piar a súa estrutura sectorial.

Gráfico 1



Fonte: INE

- ✓ Nesa perspectiva, en primeiro termo, como é sabido e de acordo cun apuntamento anterior, o tecido económico de Compostela constitúese fundamentalmente por empresas dedicadas aos servizos, practicamente 8,4 de cada 10. O ciclo de crise, no lapso desde 2008 a 2013, supuxo unha redución evidente e coñecida do volume de iniciativas empresariais, en termos brutos menos intensa segundo se pasa dos servizos á construción e á industria. Non obstante, en termos relativos, as porcentaxes de contracción son, respectivamente, do 5,5% nos servizos, do 14,4% na construción e do 6,6% na industria. Mais, nun nivel de detalle, iso está en relación co tamaño das empresas e co ramo particular de actividade dentro de cada sector.

Táboa 1

Evolución do número de empresas segundo actividade económica (CNAE 2009) principal					
Actividade económica	2009	2010	2011	2012	2013
Industrias extractivas	10	9	8	6	6
Industria manufactureira	451	437	445	420	429
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	33	40	41	38	38
Subministración de auga, saneamento, xestión de residuos e descontaminación	5	6	5	5	6
Construción	1.149	1.130	1.082	1.047	995
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos	2.381	2.276	2.267	2.177	2.129
Transporte e almacenamento	474	463	442	431	438
Hostalería	1.080	1.038	1.014	974	963
Información e comunicación	243	232	255	250	257
Actividades financeiras e seguros	151	151	156	163	163
Actividades inmobiliarias	203	226	247	270	299
Actividades profesionais, científicas e técnicas	1.717	1.669	1.667	1.600	1.581
Actividades administrativas e servizos auxiliares	567	510	473	456	375
Educación	315	324	302	328	358
Actividades sanitarias e de servizos sociais	595	551	549	584	589
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	357	340	311	274	282
Outros servizos	480	491	573	555	527

Fonte: IGE

- ✓ Considerando a actividade principal en que se concretan os sectores de dedicación daquelas, a súa evolución entre 2009 e 2013 recolle unha contracción do número de empresas industriais de transformación, da construción, o comercio e a hostalería, así como, acaso máis drasticamente, tendo en conta xa o seu peso estrutural relativo, das de carácter auxiliar como servizos ás empresas.
- ✓ Hai non obstante un mantemento do número daquelas con actividade asistencial e, tratándose sempre de ramos de peso modesto, aínda un aumento das de mediación financeira, en seguros e inmobiliaria; mesmo aumentan as de comunicación e información.

- ✓ Con todo, a lectura do ciclo temporal en clave evolutiva leva a concluír que a composición estrutural do tecido empresarial en Santiago máis se consolida nos termos coñecidos que mostra signos de evolución ao nivel que poderían virtualmente darse.
- ✓ Porque, doutro lado, os datos mostran que a empresa media en Santiago é pequena, menos de dez persoas empregadas; caracteristicamente menos de tres.
- ✓ Asemade, amosan tamén o dato sabido de que o impacto da crise foi inversamente proporcional, en canto descenso do número de empresas, ao tamaño destas.


Táboa 2

Evolución do número de empresas segundo volume de emprego					
Volume de emprego	2008	2009	2010	2011	2012
De 0 a 2	8.187	8.323	8.019	8.017	7.843
De 3 a 5	919	926	930	880	851
De 6 a 9	420	407	398	395	376
De 10 a 19	290	287	274	272	268
De 20 a 49	182	168	168	177	150
De 50 a 99	54	62	64	56	49
De a 249	33	28	31	30	30
De 250 e máis	9	10	9	10	11

Fonte: IGE

- ✓ En coherencia co exposto, predomina como forma xurídica, supoñendo preto da metade dos casos en 2014, a titularidade por persoas físicas, mentres que un terzo cumprido son sociedades de responsabilidade limitada. A escasa entidade das sociedades anónimas e as cooperativas indica ao tempo, respectivamente, unha modestia relativa de volume das empresas -asumindo deliberadamente unha visión simplificadora- e, noutra orde de cousas, a que agora interesa, unha escasa presenza da Economía Social.
- ✓ Rubrica esta impresión xeral que a proporción correspondente a modalidades distintas destas agache fórmulas de asociación de carácter non mercantil vinculadas polo común a iniciativas familiares na hostalería e o comercio e servizos de proximidade.


Gráfico 2



Fonte: IGE

- ✓ Doutro lado, con certa limitación dos datos dispoñibles, unha perspectiva de evolución temporal, entre 2009 e 2011, no corazón do ciclo da crise, aliña en termos de continuidade a estrutura xa comentada coa que se daba naquel último ano.
- ✓ Así, relacionando isto con aquela capacidade de resistencia inversamente proporcional ao tamaño das empresas, pode tirarse a conclusión de que esa estrutura fixa o resultado dunha redución do seu número, que non é exclusiva, pero si principalmente, é o das conformadas por unha persoa física.

Gráfico 3



Fonte: IGE